

**D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 7 de marzo do 2016, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“ 5.- CONTRATACIÓN E SERVIZOS**

**A) CONTRATACIÓN.**

**A1.CONTRATACION DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DUN TORNEO E CAMPAMENTO MEDIEVAL A CELBRAR OS DÍAS 26 E 27 DE MARZO DE 2016 ( EXPTE. 008-SERVMen16)**

Visto o informe do Técnico de Cultura de 22.2.2016 a Providencia da Concelleira Delegada competente de 22.2.2016, faise constar que.-

1º.- De conformidade co establecido no artigo 138 do RD. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), a denominación de contratos menores, o é en consideración ao seu importe, que ten que ser inferior a 50.000 euros (IVE excluído), cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

Os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (artigo 23.3 ex, artigo 89 TRLCSP).

2º.- O artigo 10 TRLCSP, precisa que *“son contratos de servizos aqueles cuyo objeto son prestaciones de hacer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto a una obra o un suministro, categorías enumeradas en el Anexo II.”*

3º.- Nos contratos menores, artigo 111 TRLCSP, establécese que só se esixirá a aprobación do gasto e a factura correspondente expedida conforme á normativa vixente.

Porén, o Concello de Monforte de Lemos na base 33ª das de execución do orzamento do Concello, referida aos gastos menores, dispón que *“Cando a contía sexa superior a 1.000 euros e inferior a 18.000 euros, o expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada, debendo acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente”*. Neste senso, constan no expediente os seguintes orzamentos.-

Queiman e Pousa, S.L.	11.700,00.-€ (IVE aparte)
Fundación Festa da Istoría.	14.700,00.-€ (IVE exento).

Especialistas Hípica Celta.	8.740,00.-€ (IVE exento).
El Duque Espectáculos Ecuestres.	15.000,00 (IVE aparte).
Caballeros de Ulver	3.000.-€ (IVE exento)*

*\*Soamente oferta a organización do campamento.*

4º.- Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP).

Asemade, e en virtude do disposto no artigo 19.1.a) do TRLCSP, atopámonos ante un contrato privado, por encontrarse o seu obxecto comprendido na categoría 26 do Anexo II do citado texto legal.

5º.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. No entanto, dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO: APROBAR** o gasto correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 334.226.09 do orzamento xeral prorrogado do ano 2015 para o 2016.

**SEGUNDO: ADXUDICAR**, por “contrato menor”, á Asociación Cultural Grupo de Especialistas Hípica Celta, con CIF. G-94082062 e/r D. José Joaquín Rodríguez Lorenzo con DNI. 76718485-F, a Organización do Torneo e Campamento Medieval a Celebrar os días 26 e 27 de marzo de 2016 no Concello de Monforte de Lemos, no importe de 8.740,00.-€ (IVE exento), segundo orzamento que achega.”

E para que así conste e coa advertencia prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos a nove de marzo de 2016.

Vº e Péc.

O ALCALDE

José Tomé Roca